LOBOS NAS ILLAS

Literaria

1ª edición, 1996

1ª edición, 1ª impresión, Colección Literaria, 2024

© Marilar Aleixandre, 2024

© Editorial Galaxia, S. A., 2024
Avenida de Madrid, 44, baixo, 36204, Vigo
www.editorialgalaxia.gal

ISBN: 978-84-1176-179-6
Dep. Legal: VG 25-2024

Fotografía da autora
Miguel Taboada

Ilustración da cuberta
Danila Danilenko (@danilenkodanila). *Faro no acantilado* (2023). Unsplash.

Deseño da cuberta
Hayat Husein

Maquetación
Pablo Gutiérrez

O papel utilizado neste exemplar é reciclable,
libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sustentable
dende o punto de vista do medio ambiente.

Marilar Aleixandre

LOBOS NAS ILLAS

A Tiago Vidal, a quen debo unha presa
de criterios para escribir en galego.

Que turba compañía
estremou os penedos con valados
mirou lobos nas illas, revolveu
nas cavernas os ventos abismados

Crepúsculo ao pé do Monte Pindo
Xabier R. Baixeras

Non busquedes Lobeira nos mapas, que a deste libro non é ningunha das dez ou doce que neles figuran, antes pertence ao territorio da imaxinación, no que tamén habitan os seus personaxes.

LOBOS NAS ILLAS

Quen me dera en Lobeira
Quen en Lobeira me dera.
Popular.

Con este tempo! Que tolice, saír con este tempo! repite dona Lucinda e opera toda destreza coas agullas na calceta, como un cirurxián manipula os seus bisturís e pinzas, e subindo a maré! Co devalo do mar e a resaca non poderán volver…

Non lle gusta a dona Lucinda que as irmás crucen na buceta á illa. Hoxe non lle gusta porque sopra o nordés, e parece que hai unhas gotas suspendidas no aire, agardando o momento propicio para se envorcar sobre a ría; hai uns días porque ía demasiada calor e non é bo remar co bochorno de mediodía; a pasada semana porque é perigoso saír coa néboa. Non lle gusta que vaia unha soa; gústalle aínda menos iren xuntas. O certo é que nunca considera apropiado o momento para esa viaxe insegura, aínda sen explicar con claridade se a inquietude se debe ás trampas urdidas polo mar, ao deterioro da buceta, ou a que non entende que procuran nese petón deserto, habitado só por xestas e lagartos.

Houbo un faro na illa, hai tempo antes de naceren Rita e Amalia, antes da guerra, e nesa época debía vivir nel un fareiro. Despois foi abandonado e elas preguntáronse máis dunha vez por que; se non era necesario ao aumentar a potencia do de Fisterra, ou se foi substituído por farois automáticos que máis tarde desapareceran. Dona Lucinda non presta atención a esas preguntas

que considera boubarías, limítase a contestar con aire ausente Ah! o faro… non sei; agora está arruinado, arruinado.

Foi Rita a primeira que propuxo ir á illa ese verán. Na illa hai unha praia, é un bo sitio para bañárense tranquilas. Outras vacacións ían a Estorde con Carlos, pero o seu irmán máis vello pasa xullo e agosto en Madrid preparando as oposicións a notarías que non se convocaban hai anos, case desde a fin da guerra, e dona Lucinda non vai á praia cos pequenos por causa da criatura. En Estorde detrás do canaval hai ollos que espreitan, pero non nunha complicidade de risas, senón desde unha dureza distante e resentida; ollos que non miran as pequenas diferenzas que individualizan cada corpo, o peluxe louro dos brazos de Rita, o lunar que ten Amalia nas costas xusto onde remata o traxe de baño, senón que ven todos os corpos iguais, apenas un soporte para uns poucos trazos aos que dirixen o seu interese. En Estorde non poderían, como aquí, estirar os corpos voluptuosamente na area, baixar un pouco os tirantes dos traxes de baño para que o sol doure os ombros, abanear con forza a cabeleira mollada despois do baño, e menos botar crema unha a outra, percorrer os ombros, as costas da outra coas mans, suavemente, antes de deitarse ao sol que lamberá cada gotiña de auga dos traxes e da pel, deixando só un reflexo branco de salitre.

Deitada ao sol, hai veces que unha queda coa mente en branco, non durmida de todo, pero si suspendida entre a vixilia e o sono, nun estado pracenteiro no que as cousas imaxinadas ou soñadas parecen case reais, e as cousas verdadeiras esvaecen os seus contornos. Nunha tarde así Amalia soñou que un barco de vela enarborando a insignia negra coa caveira atracaba na illa, e un capitán dos piratas que se parecía a Stewart Granger a bicaba na boca, e aínda que nunca nos dezaseis anos da súa vida a bicara ninguén na boca sentiu de forma moi precisa a lingua do capitán na súa e un formigo cando os seus dentes trabaron, un case nada, os labios do capitán. Outro día entreabriu os ollos e pareceulle que Rita non estaba sobre a toalla, pero tamén podía ser un engano da vista, unha ilusión debida á luz tan forte do sol. Estaba soñando que

detrás alguén bisbaba e debía ser un soño, porque non habendo ninguén na illa era imposíbel que Rita falase con outra persoa. Para comprobalo non había máis que abrir os ollos por completo e volver a cabeza; un mínimo movemento, pero o sol multiplica por dez a preguiza, e o po de salitre pesa como pedras de cen quilos sobre as pálpebras e os brazos.

Cando espertou de todo, Rita respiraba entrecortadamente sobre a toalla, mollada despois dun corpo a corpo coas ondas nun longo baño. Non dixo se falara con alguén e Amalia non llo preguntou. Desde ese día a buceta tomaba o camiño da illa case todas as tardes, coa cesta grande para as merendas tapada cun pano branco que Rita preparaba por si mesma, sen pedir axuda nin sequera a Flora a cociñeira, que tiña debilidade pola maior das irmás. Levaban froita e anacos de empanada, pan, xamón e botellas de auga, e Rita quería sempre volver coa cesta baleira, para que Flora non pensase que a empanada non estaba boa. Transportaba as sobras até unhas rochas na parte alta da praia, dicindo que xa o comerían os lagartos, e Amalia suxería que mañá igual era mellor traer menos comida, pero ao día seguinte a cesta pesaba tanto como sempre. A calor e o sol son causa de distraccións e ás veces unha botella, un prato ou un pano de mesa ían á illa pero non volvían, e Flora amoestaba a Rita brandamente: Que cabeciña, que cabeciña! Non llo digas a mamá! pedía Rita, e por ser vós quen sodes Flora accedía. Chega a ser Amalia quen perdese a culler máis pequena, o coitelo máis morriñento da cociña e había sabelo toda a parroquia.

Ás veces, se Amalia quedaba adurmiñada despois do baño, parecíalle que Rita non estaba ao seu lado, que pés descalzos batían na area un ritmo antigo, que corpos delgados se perseguían entre os canavais facendo crepitar as xuncas e deitada na area, sen coidarse do tempo nin dos outros, imaxinaba mans que xogaban a facerlle cóxegas na noca, pés nus que premían os seus pés e subían polas súas pernas, bicos nos seus ombros; aínda que ao abrir os ollos eran os graos de area quen acariciaban a súa noca, e a maré quen xogaba a achegarse e retirarse dos seus pés, ou o vento quen

lle rozaba os ombros. Só Rita, ao volver correndo da auga, aceso o rostro da loita contra a resaca, de que se non, a apertaba moi forte, bicándoa xunto á orella, rebordando aloumiños que lle escapaban polos dedos, pola lingua que lambía riscas escuras no salitre branco que envolvía os brazos de Amalia.

Disque na illa hai un lobo, conta dona Lucinda unha noite, os ollos enterrados na calceta, nas agullas que brillan como coitelos ao resplandor do quinqué. A luz falta moitas noites, hai que ir protestar ao Xallas. Quen o viu?, pregunta Amalia mirando os ollos abertos de Miguel. Non o viu ninguén, rouboulle un anaco do cabrito que tiñan para asar os fillos de Paco o domingo pasado. Rita e Amalia nunca ían á illa os domingos. Nós, di Amalia, non vimos lobo ningún, como vai haber lobos na illa? Pode haber, di dona Lucinda, ou debeu haber en tempos, de aí o nome. O pai non dá creto a esas etimoloxías da silveira, os nomes veñen de ser propiedade duns López, tantos como hai na parroquia, ou noutras parroquias da ría, despois a xente non distingue entre o pe e o be, ou calquera sabe, lobos na illa, que insensatez!

Non me gusta que vaiades á illa, repite dona Lucinda. Iremos a Sardiñeiro, di Rita lanzando unha ollada rápida cara a Amalia, unha ollada que nega as súas palabras, non te preocupes que non nos han comer os lobos.

En Lobeira hai nais que non asustan os fillos falando do cocón, ou ameazándoos co lobo, senón con Foucellas. Non todas, tamén hai outras que foron anarquistas cando a guerra, e para elas Foucellas non é un bandido, senón un heroe, aínda que destas cousas só é dado falar baixiño. Foucellas non pode xa meter medo a ninguén, non sendo os que temen os fantasmas, porque o sete de agosto fixo catro anos que lle deron garrote vil. Tamén mataron a Pancho, hai un ano, pero quedan no monte outros fuxidos, como aquel que lle din o Piloto e algúns máis, disputando as presas aos lobos. Indo para á Coruña, pasado Lobelos, vive unha moza que ten máis que chorar por Foucellas que as outras; polo menos así conta Flora.

Desde que os fillos de Paco viron lobos hai que ir á illa ás escondidas. Antes era un paseo e agora é unha aventura; se

o sabe dona Lucinda mandará encerrar a buceta baixo chave. Mellor non fales nada, dille Rita a Amalia, ti non sabes mentir. Coa excitación da aventura Amalia non dorme, só dá voltas na area, desacougada, esperando algo. Vai calmizo, hai nubes baixas, como se tecesen unha tormenta, e Amalia levántase chamando por Rita, pon as sandalias, e penetra na illa buscando a Rita. Buscando a Rita percorre os canavais, o mato, con coidado de non espiñarse cos toxos; segue o camiño que leva ao faro, á torre arruinada. Caen as primeiras gotas, e cruza a porta, sen saber por que, dentro non queda teito que ampare da tormenta. Sobre unha manta vella hai dous corpos enlazados, o peito de Rita é dun branco de area onde sempre o cubriu o traxe de baño, o home ten cabelo e barba hirsutos, como deben ter os lobos. Ao contrario do que sempre imaxinou Amalia, ela está encima e el debaixo. Dá media volta e corre, corre baixo a chuvia cara á praia, pon o vestido, e envolta nunha toalla, apertando xunto ao corpo o vestido de Rita para que non se molle, agarda por ela un tempo interminábel.

Cando chega xa pasaron as bategadas, a chuvia é un orballo fino que adhire as roupas á pel. Amalia mira o corpo de Rita, procurando os signos do que viu, un brillo na pel, un tremor nos peitos, certa languidez como exhiben as amantes no cine ou nos cadros; unha non pode medir o seu corpo, enguedellar o seu cabelo co de homes que parecen lobos e despois ficar a mesma, ter a mesma cara de rapaza de dezasete anos que murmura, é a última vez que vimos á illa, e por iso…, cos ollos mollados, non se sabe se por causa da chuvia.

Mentres reman cara a terra Amalia vai comprendendo que os fillos de Paco poden volver á caza de lobos, que a illa xa non é un agocho seguro, senón unha trampa perigosa, que Rita non sabe cal será o próximo escondedoiro, porque o home tampouco o sabe, e que ten que agardar por unha mensaxe que el enviará se pode. Do outro, Rita di só que é como se tocase unha campá dentro de ti, e incluso cando acaba o teu corpo segue vibrando por un tempo, como o aire e os cristais despois do tanxido das campás.

Grazas a Flora que vai rosmando traer roupa seca, poden cambiarse na cociña, sen que ninguén máis saiba o estado en que chegaran á casa. Durante unha semana non foron moito á praia; tampouco o tempo era apropiado. O luns seguinte, despois da cea, dona Lucinda conta que o domingo houbera unha batida na illa á procura do lobo. Encontrárono? pregunta Amalia. Nin rastro, di dona Lucinda, e non deixaron pedra sobre pedra, até lle plantaron lume á toxeira por se estaba agochado nela, engade brandindo as agullas entre a lá vermella, da cor que lle din sangue de touro e que podía ser sangue de calquera outro animal, á fin todo o sangue é vermello. E o pai apunta se sería o propio can dos fillos de Paco quen roubara o cabrito, xa dixen eu que na illa non pode haber lobos, que idea tan absurda. Por unha noite a illa volveu emitir luz, como se houbese outra vez un faro, como se os faros mortos xerasen fantasmas que iluminan os mareantes por unha noite.

Esa noite Rita ardeu coa febre, delirou murmurando palabras ininteliXíbeis e outras que Amalia entende, pero non quere oír porque lle poñen medo. Durante unha semana tivo que permanecer na cama, talvez un arrefriado do último día que pasaron na illa, e Amalia dubida se llo debe dicir ao médico, mais cala, é difícil contar unha parte das cousas e non contar outras, e ela mente mal. Pouco a pouco Rita vai mellorando, xa toma unha cunca de caldo limpo e unha tortilla francesa. Está pálida e ten sucos escuros baixo os ollos; agora si parece unha das amantes do cine ou das portadas dos discos de ópera.

Ao serán dona Lucinda escoita a radio; hai un serial do oeste que se chama *Dous homes bos*, aínda que en realidade son tres —mais tamén os tres mosqueteiros eran catro— e despois o diario falado. Un atracador resultou morto nun enfrontamento coa Garda Civil preto de Nemiña; xa ocorreu o mesmo outras veces. Este atracador, que tiña relación cos anarquistas, chamábase Xosé García e nacera en Lobeira. Amalia ve a Rita poñerse branca, como se todo o seu sangue escapase cara aos nobelos de dona Lucinda.

Cando acorda, á mañá, Rita non está no cuarto e Amalia percorre en van a casa primeiro, e as rúas da vila despois. Unha intuición lévaa onda a buceta, para descubrir o lugar baleiro. Que facer? Ir con outra persoa equivale a confesar que houbo viaxes anteriores e, por outra banda, tampouco é seguro que estea na illa. Menos comprometido é pedir unha barca, e remar soa, aínda que non sexa tan manexábel como a pequena buceta.

Ri o sol na praia como os outros días, reverberando na area. Como outros días a buceta está varada na beiramar e pegadas que saen dela cruzan o areal até as xuncas. Alén do canaval con todo, nada é igual; o mato queimado vai deixando marcas nas pernas e na saia de Amalia, probas escritas en negro de que pasou por alí. A paisaxe estragada si parece agora o marco adecuado para lobos ou seres aínda máis crueis. Amalia colle o camiño do faro; a sombra das gaivotas que xogan no aire cruzándose coa súa sombra, como se quixesen contar o que viron hai unha semana, quen prendeu o lume, como revolveron as pedras. Rita! chama, mais ninguén contesta. Pasa o lintel da porta. No chan, onde houbo dous corpos enlazados, hai agora un deitado, só, unha manchiña vermella no peito, un case nada, do tamaño que deixaría unha agulla de calceta á altura do corazón. Fóra o sol segue alto, e a maré flúe, enchente.